

DiariodePontevedra

www.diariodepontevedra.es

EDITA: LÉREZ EDICIONES, S.L.

Presidenta Editora: Blanca Garda Montenegro.

Director General: Antonio de Cora Garda.

Director: Miguel Ángel Rodríguez González [marodriguez@diariodepontevedra.es]

Director Adjunto: Pedro Antonio Pérez Santiago [pperez@diariodepontevedra.es]

Redactores jefe: David Acevedo López [deporte@diariodepontevedra.com], María Varela (Pontevedra) [mvarela@diariodepontevedra.es] **Coordinadores:** Santiago Mosteiro Blanca (Web/suplementos) [smosteiro@diariodepontevedra.es], Rafael Fariña Abov (Fotografía) [fotografia@diariodepontevedra.com] y Silvina Silva González (Preimpresión) [preimpresion@diariodepontevedra.com].

Informática: César Caldera. **Archivo y Documentación:** Ramón Rozas.

DELEGACIONES

Marín-O Morrazo: Aldara Paz. **Poio-Sanxenxo:** Alba Moledo. **Comarca de Pontevedra:** Águeda Piñeiro.

Vilagarcía-Caldas: Fernando Salgado. **Deza-Taboíros-Terra de Montes:** Melissa Gómez.

Directora Comercial: Vanesa Luaces Camba [vluaces@diariodepontevedra.es]

LÉREZ EDICIONES. C/ Lepanto, 5. 36001 Pontevedra. Teléfonos: 986 011100. Fax Redacción: 986 011144.

e-mail: publicdad@diariodepontevedra.es. Depósito Legal: PO- 31-1965.

Precio Diario de Pontevedra 1,40 €. Con Pronto 2,50 €

Publicación controlada por OJD



GRUPO ELPROGRESO

Presidenta Editora: Blanca Garda Montenegro.

Vicepresidente y Consejero Editorial: José de Cora Paradelo.

Consejera Delegada: Blanca de Cora García-Montenegro.

Fernando Maghallaes, Muñoz Vera, Santa Fe

O 4 DE XUÑO clausurase no Instituto de América (Santa Fe de Granada), a exposición 56º Latitud Sur: de Castilla a Tierra de Fuego do pintor Guillermo Muñoz Vera (Chile, 1956). Nacionalizado español viaxou á inversa da expedición de Maghallaes no século XVI, culminada por Elcano e Francisco Albo, piloto da nao Victoria, a única en regresar a España. Pero, Albo, ademais, escribiu “Derrotero del viaje de Magallanes desde el cabo de San Agustín en el Brasil, hasta el regreso a España de la nao Victoria” onde transcribe a ruta da primeira circunnavegación da terra. A celebración do V centenario da primeira volta ao mundo (1519-1522), pero isto non impide seguir reflexionando, debatendo, investigando sobre unha xesta de maiúscula importancia para a humanidade desde diferentes ámbitos do coñecemento. O aspecto artístico non debería estar alleo. Por iso, quizais, esteamos a falar dunha das exposicións máis interesantes que se poidan visitar neste momento no noso país antes da súa saída cara Nueva York. Muñoz Vera, responde a unha curiosidade natural para desentrañar un dos fitos relevantes da historia e dos seus actores principais; o novo mundo e España: as mesturas de sangue e culturas distintas crean escenarios mentais únicos no imaxinario deste mestre do realismo emparentado, pictóricamente falando, con Claudio Bravo e Antonio López seguidores de Fernando Álvarez de Sotomayor (Ferrol 1875- Madrid, 1960), director da Escola de Bellas Artes de Santiago de Chile, e por dúas veces director do Museo do Prado, ademais de ser considerado como o fundador da Escola Galega de Pintura. Daí bebe Vera, coñecido, como seu antecesor, por cultivar o

CIPRIÁN RIVAS



POR SOTAVENTO



retrato de figuras coñecidas da época. A mostra, composta de máis de 40 obras amosa o artista como paisaxista, retratista e como debuxante naturalista ao estilo daqueles primeiros expedicionarios que se marabillaban debuxando tódolos detalles da flora e fauna deses espazos nunca vistos. Eran cronistas dunha realidade exuberante polo que a exactitude no trazo e nos detalles exercía, e na actualidade o mesmo, a observación detallada do contemplado. A observación é o primeiro paso para practicar o método científico.

A primeira circunnavegación ven deixar fóra de toda discusión a redondez do planeta, tal como se reflicte na “Geocarta de Turín de 1523, indica Muñoz Vera, no magnífico catálogo da exposición, considerado como o mapamundi máis antigo. “A grande revelación-di- e que o planisferio amosa por primeira vez a representación completa do océano Pacífico, o maior do mundo, que cubre un terzo da esfera terrestre separando América de Asia e as Indias Orientais das Occidentais”. Esta labor de documentación sitúa o artista entre a ciencia e a inspiración para crear, investigando a importancia da procura dunha ruta para sacar rendibilidade o comercio das especies, na que Galicia tivo protagonismo ao construíren a Casa de Contratación da Especiería na Coruña (1522-1529), concedida por Carlos I e documentada por Santiago Juega no libro “Periplo al Maluco”. O transporte marítimo no paralelo 56 sigue. En Santa Fe comeza todo.